

AVALIACIÓN FINAL EXTERNA PARA O
PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA O
DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA
GLOBAL


ESCOLAS SEN RACISMO,

ESCOLAS PARA A PAZ E O DESENVOLVEMENTO

*Servizo externo a petición da ONGD:
Asemblea de Cooperación pola Paz
(ACPP)*



*aopaso é...
formación e acompañamento
con mirada local-global*



Avaliación final externa para o proxecto de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global “Escolas sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento (ESR-EpD)”

Editado por **aopaso**. Setembro 2023

raquel@aopaso.gal

www.aopaso.gal

Coordinación e elaboración de contidos do Informe:

Raquel Doallo Álvarez


Deseño e maquetación: **aopaso**



Atribución-Non Comercial-Compartir Igual 4.0. Este documento está baixo una licenza de Creative Commons. Permítese libremente copiar, distribuír e comunicar publicamente esta obra sempre e cando se recoñeza a autoría e non se use para fins


comerciais. Se se altera ou transforma, ou se xera unha obra derivada, soamente poderá distribuírse baixo unha licenza idéntica a esta. Licenza completa:

[Creative Commons — Attribution-NonCommercial-ShareAlike 4.0 International — CC BY-NC-SA 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)




*Bicarse no medio do caos,
bicarse mentres todo cae.
(...)
Un bico nunca se pode roubar.*

Da canción “*Por que non nos volvemos bicar?*”,
de Aldaolado.



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. RESUMO EXECUTIVO DO PROXECTO.....	4
3. OBXECTIVOS E ALCANCE DA AVALIACIÓN.....	6
4. METODOLOXÍA E CRONOGRAMA.....	8
4.1. Cronograma.....	9
5. ANÁLISE DE INFORMACIÓN.....	10
5.1. Test de Tolerancia.....	10
5.1.1. Aclaracións previas e limitación das conclusións.....	11
5.1.2. Mención a cuestións clave da liña de base.....	12
5.1.3. Mirada comparativa tras aplicar o TdT na avaliación final.....	13
5.2. Achegamento á análise dos criterios de avaliación.....	19
5.2.1. Pertinencia.....	19
5.2.2. Eficacia.....	20
5.2.3. Eficiencia.....	22
5.2.4. Sustentabilidade.....	23
5.2.5. Impacto.....	24
6. RECOMENDACIÓN.....	25
ANEXOS.....	27



1. INTRODUCCIÓN.

O presente informe de avaliación final externa recolle as achegas extraídas a partir do traballo de recompilación de información do proxecto de educación para desenvolvemento e a cidadanía global “*Escolas sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento (ESR-EdP)*” na súa edición 2022-2023, promovido por Asemblea de Cooperación pola Paz (en adiante, ACPP).


A asistencia técnica foi elaborada desde **aopaso** para ACPP. Na busca dunha aprendizaxe compartida cara á obtención dos produtos presentados neste informe, partiuse das orientacións da ONGD, con cuxo persoal técnico se mantivo unha relación de comunicación próxima e continuada ao longo de todo o proceso. Os mencionados produtos responderon á delimitación do alcance da avaliación, que indagou principalmente en dous niveis:

- O traballo realizado desde a intervención con centros educativos participantes, especificamente con profesorado e alumnado de educación secundaria.
- A actualización de cuestións transversais das que xa deron conta avaliacións previas. Tendo en conta o histórico do proxecto e desde unha visión de proceso, considerouse pertinente dar seguimento ás melloras e recomendacións aplicadas na presente edición da proposta.


As ferramentas utilizadas para recoller e analizar información primaria foron de corte cualitativo (*entrevistas individuais, grupos focais e observación de actividades*) e cuantitativo (*enquisa do Test de Tolerancia*) e resultaron en dous tipos de análises:

- Estudo comparado *inicio-final de proxecto* dos resultados do Test de Tolerancia cuberto polo alumnado participante na intervención.
- Achegamento aos criterios de pertinencia, eficacia, eficiencia, sustentabilidade e impacto do proxecto, que orientaron a busca de información no proceso de avaliación.

As conclusións extraídas a partir do traballo realizado suxiren **recomendacións** que veñen de ser compartidas nun proceso de socialización preliminar. As mesmas, confirman a pertinencia de continuar traballando nas liñas de contidos identificadas desde ACPP, malia que se identifica a necesidade de revisar cuestións ligadas a equilibrar os esforzos internos e externos: aproveitar a evolución da proposta, que trata de favorecer impactos a medio prazo, para deseñar indicadores que permitan avaliar mellor dito impacto esperado; fortalecer a estrutura de profesionais (a



equipa) que acompaña na intervención; ou reforzar nos centros educativos participantes o sentimento de pertenza a unha verdadeira rede de Escolas sen Racismo.




2. RESUMO EXECUTIVO DO PROXECTO.

Na súa edición 2022-2023, o proxecto *“Escolas sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento (ESR-EpD)”* (e adiante, ESR) formula o seu obxectivo específico coa intención de *“Mellorar as capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino de infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego”*, concretándose na intervención cinco resultados esperados para alcanzar dito obxectivo:

- *R1.1.* Fomentada a coordinación e análise do proxecto para a aprendizaxe colectiva e a súa sustentabilidade.
- *R1.2.* Melloradas as competencias, capacidades e sensibilidades do profesorado e comunidade escolar de seis centros de ensino galego (infantil, primaria e secundaria) en educación inclusiva, a convivencia intercultural e a prevención do discurso do odio.
- *R1.3.* Melloradas as competencias, actitudes e sensibilidades do alumnado de seis centros de ensino galego (primaria e secundaria) para favorecer a convivencia intercultural, combater o discurso do odio e establecer relacións positivas e igualitarias.
- *R1.4.* Melloradas as competencias, actitudes e sensibilidades do alumnado universitario en materia de Cooperación ao Desenvolvemento e para a transformación social.
- *R1.5.* Mellorada a visibilidade do proxecto e a sensibilización social sobre educación para a paz e a cidadanía global.

A intervención dá continuidade anualmente en cada un dos centros educativos da “rede de Escolas sen Racismo” a unha proposta que leva varios anos executándose - con antigüidade variable de participación por centro educativo -, no eido da educación regrada desde infantil ao nivel universitario. Na edición 2022-2023, ESR definiu liñas de acción ligadas á sensibilización, a formación, a investigación e a incidencia, isto é, enmarcouse nas 4 dimensións da educación para o desenvolvemento e a cidadanía galega (en adiante, EDCG).

Prevíanse unha serie de **contidos para a intervención en aula vía obradoiros** no nivel de educación secundaria, que se desenvolveron conforme a algúns cambios non substanciais, como se indica na táboa seguinte.




Bloque de contidos previsto	Execución 22-23
Racismo e interculturalidade	Si
Bo trato e convivencia	Si
Equidade de xénero	Si
Diversidade sexual	Si, cambiando de entidade facilitadora
Inclusión activa (deporte inclusivo)	Non
Comercio Xusto	Si

Táboa 1. Execución de contidos. Fonte: elaboración propia.

En relación a edicións previas, ESR desenvolveuse nun momento de cambio por diversos motivos:

- **ACPP pasa a ser a ONGD promotora única do proxecto**, retomándose así o modelo en orixe fóra de consorcio, tras a participación de AGARESO ao longo de varios anos na agrupación formada por ambas para a execución da intervención. Isto traducíuse de forma directa nun menor orzamento total así como na saída da matriz das actividades de educomunicación executadas por AGARESO.
- **Diminúe o número de centros educativos participantes** desta edición, o cal facilita un seguimento máis presencial e achegado por parte de ACPP e reflicte un cambio de estratexia desde a *escala* ao *alcance*.
- Incorpórase a **teoría de desenvolvemento de Piaget, Kohlberg e Gilligan** como fío condutor para reflectir o enfoque do ESR. Isto traducíuse a nivel práctico na introdución da ferramenta do Test de Tolerancia e a nivel contextual ofreceu un marco cara á indagación da posibilidade de intervención aliñada a nivel de obxectivos por parte da equipa que intervén en aula.



3. OBXECTIVOS E ALCANCE DA AVALIACIÓN.

A finalidade da avaliación final externa do ESR foi desenvolver un achegamento crítico e externo ao proxecto a partir dun proceso de análise sistemática de información primaria e secundaria, contándose cunha liña de base elaborada como ferramenta de apoio cara á valoración dos impactos do proxecto.

Os obxectivos da avaliación definíronse tendo en conta:


- ➔ As **orientacións** lanzadas desde ACP, que solicitou utilizar o **Test de Tolerancia** como ferramenta de medición nos momentos inicial e final do proxecto.
- ➔ Os **tempos e recursos** dispoñibles, que delimitaron a necesidade de **axustar e seleccionar** que elementos ían avaliarse, ante a dificultade de obter información de todos os eixos de intervención do ESR.

Definiuse así o alcance da avaliación, que se baseou en:

- ✓ **Analizar os resultados do Test de Tolerancia** realizado a alumnado en xuño de 2023 (final de curso), tratando de buscar unha **interpretación comparativa** cos resultados obtidos a partir da aplicación do mesmo test a principios de curso, e comprobar os posibles cambios nos posicionamentos ante unha selección de dilemas morais presentados ao alumnado ao inicio e o final do proxecto.
- ✓ Realizar un **achegamento á análise de criterios** de pertinencia-eficacia-eficiencia-sustentabilidade-impacto, coa mirada centrada no traballo co nivel de **educación secundaria e outras cuestións transversais** estudadas en avaliacións previas do ESR, principalmente no tocante a coordinación e comunicación no eido interno.


Posto que a pretensión da avaliación foi obter conclusións e recomendacións aplicables á globalidade do proxecto, cómpre sinalar os seguintes aspectos:

- ➔ A validez dos resultados do Test de Tolerancia aplicado a alumnado é limitada xa que, en relación á mostra do grupo poboacional involucrado na liña de base, reduciuse o número de centros educativos participantes.



➔ No marco da execución, prevíase a elaboración dunha sistematización por Tania Merelas como asistencia técnica externa. Finalmente, esta foi enfocada como un traballo de investigación ao redor da teoría dos dilemas morais cunha ruta metodolóxica que prevía encontros con axentes do ESR. Posto que a avaliación externa precisaba recoller información análoga nun período semellante, acordouse entre Tania Merelas e *aopaso* realizar un traballo coordinado para compartir espazos, facilitación e achegas cara ao aproveitamento da información e evitar o solapamento de convocatorias presenciais coas mesmas persoas.

Como se indica no apartado *de Metodoloxía e cronograma* deste informe, o proceso de recompilación de información foi secuencial e contou con “subfases” de socialización de achegas, especialmente cara ao final do proceso de avaliación externa, co obxectivo de facer testeos parciais das recomendacións preliminares que se ían extraendo a partir da análise da información recollida. No mencionado apartado *de Metodoloxía*, detállase o proceso de recompilación de información, que se situou en boa medida na fase final do curso escolar para facilitar o traballo de campo cos centros educativos.



4. METODOLOXÍA E CRONOGRAMA.

Cómpre sinalar os seguintes trazos caracterizadores do proceso metodolóxico seguido na avaliación final externa:


- ➔ Xa desde a liña de base quedou trazado o foco de achegamento específico ao nivel de educación secundaria, como eixo principal da intervención e, agora, tamén da avaliación final.
- ➔ O Test de Tolerancia co que se traballou para a liña de base nos primeiros meses do ESR foi tamén a ferramenta cuantitativa utilizada na avaliación final, cara á medición de posibles cambios nos posicionamentos do alumnado ao redor de cuestións cuxa identificación en ESR correspondía de forma directa coas tipoloxías de obradoiros previstos desde a intervención: *Racismo e interculturalidade, Equidade de xénero, Diversidade sexual, Bo trato e convivencia e Comercio Xusto*.
- ➔ Xunto co estudo dos resultados do Test de Tolerancia, realizáronse encontros individuais e grupais con persoal orientador, alumnado, asistencias técnicas e equipa técnica de ACPP.
- ➔ A metodoloxía utilizada buscou obter e analizar información achegándose aos criterios de pertinencia, eficiencia, eficacia, sustentabilidade e impacto.
- ➔ Os avances no proceso de recollida de información e análise da mesma foron socializados con ACPP en primeiro termo para compartir as conclusións preliminares, na busca de revisar cara á viabilidade as recomendacións coas que se pecha o presente documento.

Detalle das técnicas de recompilación de información primaria utilizadas:

a. Técnicas cualitativas:

- ✓ *Encontros con persoal orientador:* grupo focal presencial (con Tania Merelas) coas orientadoras do CEIP Apóstolo Santiago¹, IES Antón Losada Diéguez e IES Chano Piñeiro. Ver **Anexo 1. Guion grupo focal co persoal orientador.**
- ✓ *Encontros con alumnado:* actividade presencial con estudantes do IES Chano Piñeiro.
- ✓ *Encontros coas asistencias técnicas:* grupo focal presencial (con Tania Merelas) con Ás do Social e Feitoría Verde; entrevistas virtuais con Ás do Social, Feitoría Verde e Lila de Lilith.

1 Para o resto de entrevistas e recollida de información contouse só con axentes do nivel de educación secundaria.



Ver **Anexo 2.** *Guion grupo focal coas asistencia técnicas* e **Anexo 3.** *Guion entrevistas individuais coas asistencia técnicas.*

- ✓ *Encontros coa equipa técnica:* entrevistas presencial e virtual con Raquel López como técnica do proxecto (con presenza do novo técnico de EDCG en ACPP, Jacobo Varela). Ver **Anexo 4.** *Guion entrevista coa equipa técnica de ACPP.*
- ✓ *Observación non participante:* obradoiros *Racismo e interculturalidade* con Feitoría Verde no IES Chano Piñeiro e *Diversidade sexual* con Ás do Social no IES Xulián Magariños.

b. Técnicas cuantitativas:


- ✓ Test de Tolerancia aplicado ao alumnado de 3 centros educativos: IES Antón Losada Diéguez, IES Chano Piñeiro e IES Xulián Magariños.

4.1. Cronograma.

O proceso de construción da avaliación desenvolveuse seguindo as fases que mostra o seguinte cronograma:

Fases de traballo	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGO-SET
F1. Planificación inicial e traballo de gabinete.					
F2. Traballo de campo.					
F3. Análise de información e elaboración de borrador de informe de avaliación.					
F4. Socialización final e entrega de informe de avaliación externa de ESR.					
F5. Coordinación xeral e socialización de avances do proceso.					

Táboa 3. Cronograma. Fonte: elaboración propia.




5. ANÁLISE DE INFORMACIÓN.

A partir do traballo de campo realizado coa aplicación das técnicas detalladas no apartado anterior, móstranse a continuación as achegas obtidas, desagregando en dous tipos de apartados a análise de información:

- En relación ao **Test de Tolerancia** cuberto polo alumnado, compártese unha **análise comparada en relación aos resultados obtidos na liña de base** a partir do cuestionario análogo realizado a principio de curso polo alumnado dos centros participantes no proxecto.
- En relación aos obxectivos, resultados esperados e ao conxunto da matriz de formulación, isto é, desde unha mirada sistematizada que inclúe o deseño do proxecto e tendo conta o alcance da avaliación, realízase un **achegamento aos criterios de *pertinencia-eficacia-eficiencia-sustentabilidade-impacto*** principalmente asociados ao traballo nos centros educativos no nivel de educación secundaria.
- Achéganse algunhas **conclusións e recomendacións con mirada global** tendo en conta a mirada de proceso e o histórico de avaliación do ESR, que orientou a continuar indagando ao redor de aspectos como a coordinación e a comunicación interna no ESR.

5.1. Test de Tolerancia.

O Test de Tolerancia é unha ferramenta deseñada desde ACPP posta en marcha con anterioridade noutros territorios do estado onde a ONGD traballa no eido da educación para a cidadanía global. “Estreábase” no ESR 2022-2023 en Galicia como instrumento de medición inicial e final do nivel de sensibilización e posicionamento solidario do alumnado ante unha batería de dilemas clasificados para identificar equivalencias entre temáticas e os posibles contidos dos obradoiros a ofrecer aos centros educativos desde o ESR. No presente apartado compártese as achegas extraídas a partir da análise do Test de Tolerancia cuberto polo alumnado no momento de peche do curso 2022-2023, cunha mirada comparativa cos resultados da liña de base, para a cal tamén se aplicou o cuestionario.



5.1.1. Aclaracións previas e limitación das conclusións.

- O cuestionario cuberto polo alumnado participante no proceso de avaliación constou das **mesmas preguntas que na liña de base²** (era en ambos casos o Test de Tolerancia) e buscábase obter respostas da mesma mostra participante en ambos momentos da execución (inicial: liña de base; final: avaliación).
- Porén, na liña de base foron 5 os **centros educativos que cubriron o Test de Tolerancia**, mentres que nesta ocasión foron 3, polo que a mencionada análise comparada refírese só a estes: **IES Antón Losada Diéguez, IES Chano Piñeiro e IES Xulián Magariños**. No caso da avaliación, por tanto, o número de respostas (328) é sensiblemente menor que na liña de base (373), como se indica na táboa seguinte.


Centro educativo	nº respostas	
	Liña de base (LB)	Avaliación (Aval)
IES Antón Losada Diéguez	106	101
IES Chano Piñeiro	80	75
IES Xulián Magariños	133	152
IES Milladoiro	34	0
CEIP Apóstolo Santiago	20	0
Total	373	328

Táboa 4. Distribución de respostas no Test de Tolerancia. Fonte: elaboración propia.


- No tocante ao **contido das respostas**, na avaliación **non hai resultados sensiblemente diferentes** que ao inicio de curso³; na mesma liña, a información cualitativa e as percepcións recollidas das axentes facilitadoras semellan ir na dirección de recoñecer que non é posible co tipo de intervención asegurar correlación entre impacto e execución dun obradoiro por grupo aula. En consecuencia, compártense principalmente **conclusións agrupadas** por centro educativo e non en detalle por grupo aula.
- Fíxose o exercicio de intentar realizar a análise puntual de respostas desagregadas na busca de detectar información de interese ao realizar **filtros por xénero**, mais **non foi posible realizar unha comparativa** xa que non se contaba con filtros equivalentes na liña de base (os filtros por

2 Así e todo, a numeración dos dilemas neste informe non se corresponde exactamente coa numeración da liña de base. A razón é que para a enquisa da avaliación final foron incorporadas algunhas modificacións nas cuestións introdutorias previas aos dilemas.

3 Utilizáronse os mesmos criterios de “alertas” que na liña de base para analizar e comparar o grao de solidariedade nos posicionamentos do alumnado ante os dilemas propostos. Poden revisarse ditos criterios no informe de liña de base.



xénero fixéranse a nivel estatal no aplicativo propio de ACPP, non sendo posible delimitar a Galicia a combinación xénero+preguntas específicas). Queda pendente no futuro axustar o tipo de filtros a realizar desde a liña de base para poder extraer e interpretar na avaliación con facilidade as posibles variacións nos posicionamentos por xénero, por exemplo.



5.1.2. Mención a cuestións clave da liña de base.

A continuación destácanse os aspectos clave nos centros cuxa comparativa inicio-final de curso se realiza despois.

IES Antón Losada Diéguez:

- ➔ Detectouse necesidade de traballo ao redor de todos os contidos propostos nos obradoiros de ESR nun grupo aula, con especial mención a *Racismo e interculturalidade*, seguido de *Equidade de xénero*.
- ➔ No resto de grupos aula tamén se detectaron posicionamentos que orientaban especialmente cara ao traballo en *Racismo e interculturalidade* e *Equidade de xénero*.
- ➔ Todos os grupos aula presentaban debilidades nos seus posicionamentos solidarios ao redor do *Comercio Xusto*.


IES Chano Piñeiro:

- ➔ En todos os grupos aula se detectaba necesidade de traballo no eido da *Equidade de xénero* e o *Comercio Xusto*.
- ➔ Practicamente en todos os niveis se detectaron alertas cara á necesidade de traballo ao redor de *Racismo e interculturalidade*.
- ➔ Todos os grupos aula presentaban debilidades nos seus posicionamentos solidarios ao redor do *Comercio Xusto*.

IES Xulián Magariños:

- ➔ Foi o centro que partía de mellores resultados no tocante a *Racismo e interculturalidade*, xa que só se recomendaba a un grupo aula este tipo de obradoiros, malia que se atopou en todos os grupos aula algún posicionamento pouco solidario ante este tipo de dilemas.
- ➔ No tocante a *Bo trato e convivencia*, detectábase necesidade de traballo nun grupo aula.
- ➔ No tocante a *Inclusión activa e diversidade*, detectáronse alertas en dous grupos aula.
- ➔ *Equidade de xénero* e *Diversidade sexual* foron contidos que se consideraba necesario abordar en practicamente todos os grupos.
- ➔ Todos os grupos aula presentaban debilidades nos seus posicionamentos solidarios ao redor do *Comercio Xusto*.

Por tanto, as tipoloxías de obradoiros cuxa recomendación era máis xeneralizada na liña de base no IES Antón Losada Diéguez, IES Chano Piñeiro e IES Xulián Magariños eran *Racismo e interculturalidade*, *Equidade de xénero* e *Comercio Xusto*.



5.1.3. Mirada comparativa tras aplicar o TdT na avaliación final.

A continuación, por bloques, compártense os puntos máis relevantes da análise de respostas desenvolvido na comparativa inicio de curso-final de curso tras a aplicación do Test de Tolerancia no IES Antón Losada Diéguez, IES Chano Piñeiro e IES Xulián Magariños.


- **TdT - Bloque 0: COÑÉCESTE BEN? QUE TEN MÁIS IMPORTANCIA PARA TI?**

A cuestión introdutoria do Test de Tolerancia “*Coñéceste ben? Que ten máis importancia para ti?*” previa á batería de dilemas morais do Test de Tolerancia, pedía ao alumnado que ordease por importancia os niveis *Eu - O meu grupo - A humanidade*. Considerando variacións por riba do 10% entre as respostas da liña de base a avaliación, detéctase:

- x No IES Antón Losada, diminúe a porcentaxe de estudantes que sitúa *A humanidade* en primeiro lugar, con lixeiros ascensos distribuídos de forma bastante uniforme entre *Eu* e *O meu grupo*. Pode interpretarse como un empeoramento do posicionamento solidario ante o mundo.
- x No IES Chano Piñeiro, por contra, aumenta a porcentaxe de estudantes que sitúa *A humanidade* en primeiro lugar, estimándose que poden ser respostas que antes se situaban principalmente na porcentaxe que priorizaba o lugar de *O meu grupo*. Pode interpretarse como unha variación en positivo do posicionamento solidario ante o mundo.

Así e todo, trátase de porcentaxes baixas tendo en conta os subtotais en números absolutos de respostas obtidas no Test de Tolerancia en cada un destes dous centros educativos: no IES Antón Losada Diéguez houbo 106 respostas na liña de base e 101 na avaliación; e no IES Chano Piñeiro houbo 80 e 75 na liña de base e a avaliación respectivamente.

Por tanto, non é sinxelo sacar conclusións aplicables á globalidade de cada un dos centros educativos. De feito, atendendo aos datos agregados dos tres centros onde se cubriu o Test de Tolerancia na avaliación, é practicamente inapreciable a variación media na orde en que o estudiantado dos tres centros educativos sitúa *Eu - O meu grupo - A humanidade*, como se pode observar na táboa seguinte.



	IES Antón Losada		IES Chano Piñeiro		IES Xulián Magariños		Datos agregados
	LB	Aval	LB	Aval	LB	Aval	% variación media
Eu	37,22%	46,94%	49,95%	47,95%	35,38%	37,50%	-3,28%
O meu grupo	34,55%	42,86%	45,38%	39,73%	45,21%	42,36%	0,06%
A humanidade	28,24%	10,20%	4,67%	12,33%	19,41%	20,14%	3,22%

Táboa 5. Coñéceste ben? Fonte: elaboración propia.


A continuación, faise un percorrido por cada tipoloxía de dilemas mencionando os aspectos máis salientables dos resultados do Test de Tolerancia.

Para alixeirar a lectura, a mención específica no texto a cada dilema sinálase polo seu número de referencia, mais pode consultarse a formulación exacta de cada dilema nas táboas que acompañan.

- **TdT - Bloque 1: RACISMO E INTERCULTURALIDADE.**

As variacións máis salientables nos posicionamentos ante cuestións relacionadas con *Racismo e interculturalidade* concéntranse nun grupo reducido de dilemas:

- x No IES Antón Losada Diéguez, empeora o valor agrupado das respostas no dilema número 5, recolléndose que un 28,71% na avaliación fronte a un 17,04% na liña de base respondeu *Gustaríame axudarlle pero non quero que o meu pai me castigue, así que invento unha escusa e dígolle ao meu veciño que non podo facelo.*
- x No IES Chano Piñeiro, mellora o valor agrupado das respostas no dilema número 5, recolléndose que un 56,00% na avaliación fronte a un 44,33% posiciónase coa solución máis solidaria indicando *Vou seguir axudando ao meu veciño aínda que iso supoña enfrontarme ao meu pai e ter que recuperar o meu tempo de estudo durante a fin de semana* (posicionamento máis solidario ante este dilema), reforzándose esta variación nos posicionamentos en liña coa diminución dun 33,10% a un 16,00% nas respostas asociadas a *Obedezo ao meu pai e céntrome nos meus estudos para aprobar o exame do conservatorio.*
- x Ante o dilema 18, igual ca na liña de base, segue a observarse nos centros que cubriron o Test de Tolerancia unha distribución igualada ante as tres opcións de posicionamento: *A violencia está mal en calquera caso e non se pode xustificar; Dar patadas non está ben, pero Alexander está no seu dereito porque o insultaron primeiro; e Se alguén te ataca tes*




que defenderte. Por tanto, con variación mínima entre liña de base e avaliación, a distribución de opinións/crenzas/percepcións segue sendo pouco polarizada.

- x Ante o dilema 20, empeoran os resultado no IES Chano Piñeiro e o IES Xulián Magariños: a resposta *É libre de presentarse, pero non a vou votar. Non podo poñerme en contra da maioría da clase* aumenta de 17,97% a 29,73% e de 10,59% a 23,68% respectivamente.
- x Por tanto, sen apenas variacións en positivo, continúa a ser pertinente dar continuidade ao traballo neste eido nos tres centros educativos.

nº	DILEMA
5	Teño un novo amigo, un veciño que acaba de chegar de Camerún ao que axudo polas tardes cos deberes. Ao meu pai non lle parece ben, dime que me centre nos meus estudos do conservatorio de piano e deixe de perder o tempo. Que fago?
7	O outro día alguén roubou un móbil na miña clase. Algunhas persoas creron que foi Shirley así que José Miguel díxolle: “desde que os peruanos se instalaron no barrio non hai seguridade nin no colexio”. Toda a clase empezou a opinar. E eu, como me posiciono?
8	Hai unhas semanas fun coa miña familia a un restaurante, desde a nosa mesa vimos que o cociñeiro parecía africano. O meu avó dixo que non pensaba comer nada cociñado por un negro. Que fago?
9	Estamos a repartir os papeis para a obra de fin de curso do cole, Ophra pídesse o papel de policía, pero Susana dille que ela é mellor para o papel porque é branca e unha policía negra non é crible. Que faría eu para resolver este conflito?
12	Marie Louise é a coidadora do patio, é de Costa do Marfil e sempre é moi amable con todo o mundo. A directora díxonos que algunhas familias pediron que sexa despedida para contratar a unha persoa española. Que opino eu desta situación?
13	Basir é de Siria, acaba de chegar a España como refuxiado da guerra. Basir empezou no cole a metade de curso, non sabe falar ben español e a profesora díxonos que debemos apoiarlle co traballo de literatura. Que fago?
16	Sarah é unha nova compañeira de clase, é xudía e non come porco. A semana pasada fomos de excursión á montaña co colexio, no albergue preparáronnos bocadillos de xamón para a camiñada e Sarah non soubo como reaccionar. Como reacciono eu?
18	Alexander é salvadoreño, algunhas persoas de clase métese con el polo seu acento. Esta mañá, uns mozos ríronse del e insultárono. Alexander enfadouse e deulles unha patada. Que opino deste comportamento?
19	Estou a xogar ao fútbol co meu amigo Moussa, de Senegal, que leva a camiseta da selección do seu país. Unha compañeira de clase pégalle unha patada e ameázao con non deixalo xogar máis se o ve con ela posta outro día. Que fago?
20	Imos votar a nova persoa delegada de clase. Preséntanse dúas compañeiras, María e Amina. María é española e coñecémola desde infantil, Amina chegou ao colexio hai uns meses desde Marrocos. A maioría da clase non acepta que Amina se presente. Que fago?

Táboa 6. Interculturalidade. Fonte: elaboración propia.



TdT - Bloque 2: BO TRATO E CONVIVENCIA.

En relación aos dous dilemas ligados a *Bo trato e convivencia*, non se apreciaron variacións destacables nos resultados en ningún dos tres centros onde o alumnado cubriu o Test de Tolerancia nos momentos de inicio e final de curso. Por tanto:

- x Continúa a ser o IES Chano Piñeiro onde se observa máis necesidade de traballo neste eido.


nº	DILEMA
6	O outro día Xavier veu a clase de educación física coas deportivas rotas, moita xente en clase botouse a rir e un compañeiro díxolle “queres unhas moediñas para comprar unhas novas?”. E eu, que fago?
22	A miña nova compañeira de pupitre non sempre ten o material escolar necesario. Contounos que a súa familia non pode comprarlle todo o que necesita porque a súa nai perdeu o traballo e o seu pai tivo que volver ao seu país. Esta mañá chegou cun pack de rotuladores novos, díxonos que llos doou a asociación do barrio e xusto hoxe eu esquecín os meus. Que fago?

Táboa 7. Bo trato e convivencia. Fonte: elaboración propia.

- **TdT - Bloque 4: EQUIDADE DE XÉNERO.**

En relación aos dilemas conectado a *Equidade de xénero* cómpre destacar, especificamente en relación ao dilema 14:

- x Empeoran os resultados nos tres centros educativos que cobren o Test de Tolerancia á finalización do proxecto: a porcentaxe de respostas que sinalan o posicionamento máis solidario (*Dígollo á directora, arriscándome a meterme en problemas coas persoas responsables da foto*) no IES Antón Losada Diéguez diminúe dun 75,60% a un 58,42%, no IES Chano Piñeiro diminúe dun 52,50% a un 39,19% e no IES Xulián Magariños dun 73,28% a un 60,53%.
- x No caso do IES Antón Losada Diéguez, refórzase negativamente a interpretación dos posicionamentos ante este dilema observando a variación entre as respostas na liña de base e a avaliación, onde o alumnado sinala *Dígollo á miña mellor amiga e deixo que ela decida se o quere contar*, xa que aumenta dun 11,78% a un 24,75%.
- x Por tanto, continúa a ser pertinente dar continuidade neste eido de traballo, con mención especial ao IES Chano Piñeiro e o IES Xulián Magariños a nivel de resultados globais.



nº	DILEMA
14	Colgaron en Instagram unha foto de Elena sen camiseta no vestiario do colexio, eu se quen foi. Que fago?
21	Estou a xogar cos meus amigos e amigas ao baloncesto. Nadia está a facer de árbitro e pítalle unha falta a Juan, pero Juan segue xogando, ri dela e di que as mulleres non poden arbitrar. Pásame o balón. Que fago?

Táboa 8. Equidade de xénero. Fonte: elaboración propia.


- **TdT - Bloque 5: DIVERSIDADE SEXUAL.**

En relación a *Diversidade sexual*, cómpre destacar os cambios identificados no posicionamento ante o dilema número 10:

- x Empeoran os resultados nos tres centros educativos que cobren o Test de Tolerancia á finalización do proxecto: a porcentaxe de respostas que sinalan o posicionamento máis solidario (*Tento integrar a Pablo no meu grupo, aínda que pode que algunha das miñas amizades se enfade*) no IES Antón Losada Diéguez diminúe dun 76,06% a un 64,36%, no IES Chano Piñeiro diminúe dun 69,24% a un 54,67% e no IES Xulián Magariños dun 73,24% a un 58,28%.
- x Ademais, refórzase negativamente a interpretación dos posicionamentos ante este dilema observando a variación entre as respostas na liña de base e a avaliación onde o alumnado sinala que *Non vou facer nada, non é o meu problema*: no IES Antón Losada Diéguez aumenta dun 13,50% a un 27,72%, no IES Chano Piñeiro aumenta dun 22,83% a un 34,67% e no IES Xulián Magariños dun 17,98% a un 31,79%.
- x Por tanto, os resultados globais seguen reflectindo necesidade de traballo cando menos nos centros onde se detectaba maior necesidade inicial (IES Xulián Magariños, seguido do IES Chano Piñeiro).

nº	DILEMA
10	Todos os días no patio do colexio insultan a Pablo, desde que lle contou a un grupiño de clase que lle gustaban os mozos. Agora todo o colexio sábeo, sempre está só no recreo e ninguén quere estar con el. Que podo facer?
15	Hai tempo que Ramón non se relaciona co resto da clase. Onte, con axuda da titora, contounos que preferiría que lle chamásemos Raquel. Algunhas compañeiras e compañeiros ríronse e eu non se que facer. Que decido?

Táboa 9. Diversidade sexual. Fonte: elaboración propia.



- **TdT - Bloque 6: INCLUSIÓN ACTIVA E DIVERSIDADE FUNCIONAL.**

No tocante a *Inclusión activa e diversidade funcional* cómpre mencionar, ante o dilema número 11:

- x Empeoran os resultados no IES Xulián Magariños, onde a porcentaxe de respostas onde se indica que *Juanjo debe ter as mesmas oportunidades que os demais, vou elixir aínda que terlle no equipo nos poida supoñer un maior esforzo* baixa desde un 83,89% na liña de base a un 69,79% na avaliación.
- x No IES Chano Piñeiro continúa detectándose un posicionamento global menos solidario neste eido.

nº	DILEMA
11	Na clase de Educación Física temos que facer equipos para o partido de baloncesto. Hoxe tócame a min elixir equipo e teño dúbidas con Juanjo, un mozo con Síndrome de Down da miña clase. Que fago?

Táboa 10. Inclusión activa e diversidade funcional. Fonte: elaboración propia.


- **TdT – Bloque 7: COMERCIO XUSTO.**

Por último, no tocante ao dilema conectado a Comercio Xusto, non se aprecian variacións destacables nos resultados en ningún dos tres centros educativos cuxos resultados do Test de Tolerancia se están a analizar. Por tanto:

- x Segue detectándose un posicionamento global pouco solidario nos tres centros educativos ante o dilema número 17.

nº	DILEMA
17	A miña amiga Karin é dun pobo do Amazonas onde a xente cultiva aceite de palma que as grandes empresas venden en Europa. Contounos que esta situación prexudica o medio ambiente e a vida das persoas que viven alí pero, grazas a iso, aquí podemos ter cereais, chocolates ou lambetadas máis baratas. Que faría eu para mellorar esta situación?


Táboa 11. Comercio Xusto. Fonte: elaboración propia.



5.2. Achegamento á análise dos criterios de avaliación.


5.2.1. Pertinencia.

- O **acompañamento a profesorado** é identificado desde ESR como un dos aspectos a traballar, desde a identificación dunha forte necesidade a cubrir.
- En relación ao **papel activo do alumnado**, bótase en falta unha maior conexión na fase de deseño do proxecto.
- En relación a edicións previas de ESR, a **liña de base** ten maior potencial de utilidade grazas á ferramenta do Test de Tolerancia.
- Recoñécense debilidades no tocante ao **impacto** permitido vía obradoiros e co cronograma anual do proxecto.
- Estanse dando **pasos cara a unha visión compartida** no marco da execución, grazas ao esforzo de **coordinación** coas asistencia técnicas; porén, sendo servizos externos identifícanse limitacións para afondar na execución cunha operativa en común.
- En relación ao contexto e ao eido de actuación, son de gran valor as **diagnoses internas** realizadas e o sistema de **seguimento fortalecido** desde a coordinación técnica, que pedagoxicamente evoluciona ao incorporar a teoría dos dilemas morais como fío condutor do enfoque da proposta.
- A **presenza do Sur** e o **desenvolvemento sustentable** desde unha mirada global identifícanse a través de materiais e recursos compartidos e actualizados na presente edición, así como actividades centradas en Comercio Xusto en centros educativos.
- Incorpórase **poboación rural e semi rural** na proposta, desde unha localización radial no territorio galego con proximidade á sede de ACPP en Santiago de Compostela.
- Intervénse maiormente **no eido da educación regrada**, con colaboracións externas, nunha **relación de continuidade** cos centros educativos participantes, xeralmente a través dos departamentos de orientación como enlace estable en secundaria ao longo da execución.
- A **perspectiva de xénero** xoga un papel central no ESR: presenza **transversal + presenza directa**. Analizáronse as relacións de xénero do contexto de intervención, malia que se percibe **necesidade de actualización e sistematización**, a través dunha nova diagnose e o deseño de propostas de actuación dirixidas a este eixo, cara á súa medición de impacto.




5.2.2. Eficacia.

- ➔ No tocante ao **deseño do proxecto**, en concreto en relación aos indicadores do marco lóxico, cómpre sinalar:
 - A medición dalgúns indicadores derívase á avaliación final externa; porén, a avaliación é unha fase que en teoría se realiza unha vez finalizada a execución.
 - Por tanto, a avaliación non substitúe senón que serve para analizar a fondo o cumprimento de indicadores, tomando como recurso as fontes de verificación establecidas desde a equipa técnica de ACPP no marco do calendario de execución do proxecto; así, non é papel da avaliación final externa verificar (xustificar) o cumprimento de indicadores, senón analizar ou afondar no seu grao de cumprimento e extraer así conclusións ao redor da globalidade da intervención.
- ➔ En relación aos obxectivos e resultados, o punto anterior suma elementos para contextualizar o **alcance da avaliación**, que se centra en estudar a intervención ao redor do traballo realizado en educación secundaria, con alumnado e profesorado, así como algúns elementos transversais no eido da coordinación e comunicación externa e interna.
- ➔ En liña co mencionado, desde a avaliación **afírmase con cautela que se alcanzaron os resultados esperados e o obxectivo específico**: no tocante aos aspectos relacionados coa execución no eido da educación secundaria, si se pode considerar que o conxunto das actividades foi desenvolvido de forma axeitada, con algunha modificación substancial.
- ➔ Como efectos non previstos, continúan a xerarse **sementes de sinerxías entre axentes** nos espazos grupais, incluso a nivel de execución interna entre as asistencias técnicas.
- ➔ ESR continúa a incorporar unha **mirada crítica e innovadora aos procesos que desenvolve**, desde un enfoque de mellora continua e coherencia coas liñas estratéxicas da EDCG galega, os aliñamentos internacionais ao redor da educación transformadora e a estratexia da propia organización non só en Galicia senón no conxunto do territorio do estado onde traballa ACPP.
- ➔ En relación á **participación**, todas as persoas destinatarias previstas na formulación son na práctica destinatarias da intervención. Porén, a evolución de ESR vai convidando a **afondar no traballo con profesorado e persoal orientador** como verdadeiro colectivo multiplicador da proposta:




- O achegamento directo á mocidade no marco do proxecto é un elemento de enganche para os centros educativos que se motivan a participar e continuar na rede de ESR.
- O persoal de enlace dos centros educativos – en secundaria, profesionais do departamento de orientación – insiste na necesidade de fortalecer o compromiso dos claustros para poder dar continuidade ao potencial das ferramentas propostas.
- ➔ En relación á **metodoloxía**, a intervención constrúese desde a aprendizaxe socioemocional, as técnicas participativas e o traballo en colectivo co alumnado, sentando as bases para futuras estratexias reflexivas en prol dun traballo crítico.
- ➔ En relación ao **enfoque de xénero**, a proposta impulsa nas accións previstas co alumnado unha reflexión en cuestión de xénero. Porén:
 - Non se desenvolve a nivel de proxecto unha estratexia que implique ao profesorado de forma que se incorpore a súa perspectiva e se acompañe no traballo ao redor da problemática de xénero de forma sistemática.
 - Compártense recursos, mais as limitacións do traballo vía obradoiros volven incidir na necesidade de revisar este aspecto e estudar ata onde pode apoiar ESR con visión de proceso, podendo ser a través de espazos de avaliación e seguimento que atendan esta cuestión de forma específica, aproveitando que o equipo de traballo ten formación e experiencia neste eido.
 - Reflexionouse desde as asistencias técnicas ao redor da necesidade de revisar a fórmula para traballar xénero no marco do ESR, ao detectarse que non está resultando eficaz a fórmula de achegamento á xuventude, por unha banda, e percibíndose necesidades non atendidas no tocante ao profesorado, por outra banda.
- ➔ En relación ás **capacidades instaladas**, a coordinación entre as axentes implicadas vén definíndose como unha das prioridades do ESR e avánzase na creación de sinerxías:
 - De enfoque, polo propio aliñamento con ACPP e entre a equipa de profesionais que executan as accións, aínda tratándose de asistencias técnicas externas.
 - A nivel operativo, teñen xurdido sinerxías – probablemente partindo tamén de aliñamento no enfoque – entre a asistencia técnica de sistematización e a avaliación.
 - Mantendo a mirada de indagación cara á xeración de espazos de conexión, continúa a detectarse interese dalgúns centros neste senso mais segue tamén a percibirse debilidade no enfoque de rede compartido entre o conxunto de centros participantes no ESR.



- ➔ A proposta de realizar unha **sistematización** no marco da presente edición do ESR foi reorientada cara a unha investigación:
 - A investigación realizada ten utilidade cara á reflexión interna das utilidades da incorporación da teoría dos dilemas morais á coherencia e camiñar do ESR.
 - Porén, continúa sendo pertinente recoller e visibilizar con todas as axentes educativas as boas prácticas, aprendizaxes e propostas de conexión para fortalecer o ESR e a relación intercentros.
 - A reorientación dos obxectivos da sistematización-investigación sobrecargou en certa medida o labor da avaliación, que se reaxustou para que o alcance da mesma cubriese uns mínimos que permitisen obter produtos de utilidade para ESR.

5.2.3. Eficiencia.


- ➔ A **xestión dos recursos** é axeitada e ACPP incorpora melloras a futuro: ESR vai evolucionando en complexidade e construíndo unha proposta que, se ben suma coherencia, no tocante aos medios humanos, materiais e económicos véñse axustando aos orzamentos da convocatoria de axudas da Cooperación Galega a proxectos de EDCG, e neste senso:
 - Detéctase que o labor de coordinación vai sendo máis complexa e require de tempos invisibles pero necesarios para a boa execución do proxecto (comunicación coas asistencias técnicas, seguimento e maior presenza nos centros educativos...).
 - Demándase implicación ás axentes participantes, mais os tempos e recursos son limitados e isto redunda en espazos con menor impacto e continuidade ao desexable por todas as partes. Así e todo, é moi alta a implicación das asistencias técnicas que desenvolven intervención en aula, o cal favorece a estratexia de ACPP.
 - É positivo saber o esforzo que está a realizarse desde ACPP para diversificar financiamento e obter reforzo en prol de ampliar a mirada do proxecto.
- ➔ Seguiuse con coherencia o **cronograma** previsto, con flexibilidade e capacidade de adaptación, grazas ao talante e coidados con que se realizou o seguimento desde ACPP, desenvolvéndose un axeitado sistema de seguimento e avaliación interna con pautas, criterios, métodos e instrumentos útil para a rendición de contas (e tamén para a avaliación externa).



- As **persoas destinatarias participan no seguimento** e na avaliación do proxecto, sendo identificado o interese nestes procesos por parte de todas as axentes, polo que se detecta a necesidade de xerar espazos dentro do calendario de execución na busca de incorporar en maior medida todas as voces, tamén na identificación e deseño do ESR.


5.2.4. Sustentabilidade.

- O traballo realizado conéctase e inflúe coas institucións da educación formal, manténdose unha **relación estable e de continuidade cos centros educativos**, aínda que se identifican diferentes intensidades neste senso.
- Pode agardarse que os resultados analizados continúen cando menos parcialmente unha vez finalizado o conxunto das intervencións, en boa medida ligado á **permanencia nos centros do persoal docente e orientador involucrado na intervención (axentes multiplicadores)**, e desde o potencial que ofrece a **mirada de transferencia cara á creación de sinerxías** no proxecto.
- As mencionadas sinerxías defínense máis ben desde un nivel interno, pero con visión de traballar cara a unha **rede de profesorado** no futuro que involucre con máis forza aos centros educativos participantes no intercambio, cara a un espazo de axuda mutua que fortalecería a filosofía de rede do Escolas sen Racismo.
- Como eixos específicos sobre os que se inflúe especificamente desde o ESR, destacan especialmente **xénero/diversidade afectivo-sexual** e **antirracismo/interculturalidade**, estando tamén presente de forma importante no traballo o enfoque da **sustentabilidade ambiental**.
- Debúxase o **bo trato e convivencia** como un marco de acción onde poden confluír todos os eixos temáticos propostos aos centros educativos da rede de ESR, no sentido de que o bo trato é transversal e ten unha boa acollida como conexión para o traballo con cuestións máis específicas.




5.2.5. Impacto.

- No tocante á medición vía indicadores, na intervención fórmulanse maiormente indicadores de actividade. Neste senso, bótanse en falta **indicadores de proceso e de medición de impacto**, malia que a ferramenta do Test de Tolerancia presenta potencial para este propósito.
- A **información** achegada polo de agora desde o **Test de Tolerancia** non permite falar de impacto:
 - O curto prazo marcado polo calendario lectivo é insuficiente para inferir conclusións socioloxicamente válidas á globalidade do proxecto;
 - Non todos os centros do ESR realizaron o “post-test” no momento final da execución;
 - Sería necesario revisar o papel do cuestionario e os filtros de interese para analizar en maior detalle e con pertinencia aspectos específicos.
- Promóvense de facto no marco do Escolas sen Racismo **procesos de apoderamento cara ao impacto específico na cuestión de xénero**, intuíndose potencial neste senso para a medición.
- Téñense **incorporado recomendacións de avaliacións previas**, o cal suma consistencia á continuidade da intervención, que se basea en metodoloxías que suman progresivamente as **voces das asistencias técnicas como parte activa do proceso**. Porén, os tempos de formulación e avaliación do proxecto non sempre van acompañados e o seu solapamento impide unha mellor socialización previa (e completa) das achegas da avaliación, cara á construción de recomendacións viables a aplicar desde ESR.




6. RECOMENDACIÓNS.


- ✓ **Continuar acompañando** aos centros educativos con **metodoloxías lúdicas** ao redor do **racismo e a interculturalidade desde o bo trato e a convivencia**, reforzar a integración da **presenza do Sur** de forma transversal no proxecto e revisar como traballar de forma tamén transversal desde a **perspectiva de xénero** máis aló dos obradoiros específicos.
- ✓ **Reforzar o rol do Test de Tolerancia:** como fío condutor, como ferramenta de intervención e como instrumento para a medición do impacto; revisar e simplificar se é preciso o cuestionario a nivel de linguaxe ou tempos dispoñibles na aula, tratando de adaptala o mellor posible ao alumnado (especialmente nos cursos inferiores).
- ✓ **Reforzar a participación** de docentes e alumnado no **deseño e posta en marcha** do proxecto. Proponse, como posible acción concreta, valorar a inclusión dun obradoiro inicial utilizando os resultados do Test de Tolerancia para indagar e sensibilizar sobre o porqué dos contidos propostos na intervención a executar.
- ✓ En relación ao deseño do proxecto, incorporar o esforzo de **formular indicadores de impacto**, con mirada a medio prazo, para fortalecer a estratexia de busca de sustentabilidade do proxecto.
- ✓ No tocante á **perspectiva de xénero e a súa medición**, especificamente é necesario incorporar indicadores nesta liña e, con visión de futuro, valorar a realización dunha nova sistematización deste eixo clave do proxecto.
- ✓ Continuar dando pasos cara a un maior impacto desde un **enfoque de alcance versus** escala: valorar manter ou non a participación dos centros cuxo compromiso non estea en liña cos obxectivos do proxecto.
- ✓ En liña co anterior, reforzar nos centros educativos o **compromiso para formar parte da rede de Escolas sen Racismo**, acompañando cara á visibilización do mesmo, sumando compromisos en paralelo á lectura do manifesto e a realización de actividades dinamizadas por axentes externas.
- ✓ Como apoio cara á **institucionalización** do proxecto nos centros educativos participantes na rede, continuar visibilizando a **presenza de ACP** nos mesmos.



- ✓ Continuar dando pasos para **fortalecer o enfoque de “rede de centros”**: desde a equipa interna, buscando sinerxías con colectivos locais, programando espazos intercentros, xerando materiais comúns de presentación na aula...
- ✓ **Sistematizar boas prácticas de forma participativa**, socializando as mesmas (e contribuír ao enfoque de rede), en prol de facilitar a súa replicación.
- ✓ **Traballar cara á diversificación de fontes de cofinanciamento do proxecto**, en prol de cubrir as novas necesidades do proxecto en paralelo á súa evolución.



ANEXOS



ANEXO 1. Guion grupo focal co persoal orientador.

(Encontro deseñado e facilitado conxuntamente con Tania Merelas).

1. PRESENTACIÓNS.

- Gustaríanos facer unha pequena rolda de presentación de xeito rápido, “modo tweet”. Como respondes á pregunta: **que significa o ESR para o teu centro educativo?** *Damos unha tarxeta por persoa e pedimos que escriban palabras chave e frases curtas para presentar(se) e presentar o centro e o rol do proxecto no mesmo.*

2. PREGUNTAS DE INTRODUCCIÓN.

- Como valorades o Test de Tolerancia e o traballo a través de dilemas morais como metodoloxía no marco da convivencia no centro educativo?
- Que elementos destacades en positivo? Que elementos destacades en negativo?

3. PREGUNTAS TEMÁTICAS.

- **Tópico 1: Discriminación e pensamento crítico.**

- O Test de Tolerancia e a resolución dos dilemas morais sitúan en boa posición para favorecer o debate e a reflexión crítica do alumnado e a empatía? De que xeito?
- Con que limitacións vos atopades como docentes para traballar estas cuestións?

- **Tópico 2: Proceso de debate e actitudes.**


- O traballo dialóxico co alumnado contribúe á creación dun clima de confianza na aula? En que argumentos baseades a vosa resposta?
- Que limitacións atopades neste senso?

- **Dinámica. Presenza do Sur -**


ESR é unha proposta desde a educación para a cidadanía global. De que xeito achega ao centro educativo a realidade do Sur Global e como se traballa desde unha visión crítica e transformadora do Norte?

4. PREGUNTAS DE PECHE.

- Mirando ao futuro... que potencial vedes ao traballo ao redor de dilemas morais no marco do proxecto ESR?
- Que utilidade ten este encontro – hoxe – no marco do proxecto? *(para indagar ao redor do sentimento de pertenza a unha rede de escolas).*



- Cres que hai potencial no marco do ESR para fortalecer o rol pro-activo do profesorado?
E das familias?
- Como ves de probable un ESR que camiñe máis da man do traballo directo co profesorado?
Imaxinas un ESR sen obradoiros con alumnado? Cal sería o teu rol?
- Algunha outra cuestión que consideres importante no marco desta entrevista?



ANEXO 2. Guion grupo focal coas asistencia técnicas.

(Encontro deseñado e facilitado conxuntamente con Tania Merelas).

1. PRESENTACIÓNS.

- Cal foi a vosa achega/participación dentro de ESR?

2. PREGUNTAS DE INTRODUCCIÓN.

- Como valorades o Test de Tolerancia e o traballo a través de dilemas morais como metodoloxía no marco da convivencia no centro educativo?
- Que elementos destacades en positivo? Que elementos destacades en negativo?

3. PREGUNTAS TEMÁTICAS.

- *Tópico 1: Discriminación e pensamento crítico.*


- O traballo realizado en aula coa presentación e resolución de dilemas morais permite desmontar tópicos e estereotipos racistas, homófobos, sexistas...? Permite desmontar prexuízos que existen contra as persoas que son diferentes nalgún sentido?
- Que temáticas polarizan máis as posturas do alumnado? Cales son os temas de debate máis críticos?
- O Test de Tolerancia e a resolución dos dilemas morais sitúan en boa posición para favorecer o debate e a reflexión crítica do alumnado e a empatía? De que xeito?

- *Tópico 2: Competencia emocional na comunidade educativa.*

- Que emocións están presentes no alumnado de forma máis frecuente cando se traballa sobre os dilemas morais?
- O traballo cos dilemas morais facilita un contexto para abordar a educación emocional na aula?
- Que puntos fortes destacades neste sentido? E que puntos febles?

- *Tópico 3: Proceso de debate e actitudes.*


- O traballo con dilemas morais permite que alumnado poda expresar e construír unha opinión propia sobre un tema? Considerades que contribúe a desenvolver a competencia lingüística do alumnado, isto é, a súa capacidade comunicativa? (dialogar, argumentar, escoitar...)
- No marco da resolución do dilema moral o alumnado é quen de argumentar as súas opinións ao respecto? No caso de xurdir conflitos, como se resolven?



- Pensades que o traballo a través de dilemas morais facilita que o alumnado poda empatizar con persoas que viven unha realidade diferente á súa, marcada ás veces, pola inxustiza ou a discriminación?
- O traballo dialóxico co alumnado contribúe á creación dun clima de confianza na aula? En que argumentos baseades a vosa resposta?

4. PREGUNTAS DE PECHE.

- Os centros educativos que abordan a dimensión moral no marco das súas competencias, están no camiño de construír unha comunidade escolar xusta?
- Como beneficia á comunidade educativa –profesorado, alumnado e familias- o traballo de ESR
- Mirando ao futuro... como ves de probable un ESR que camiñe máis da man do traballo directo co profesorado? Imaxinas un ESR sen obradoiros con alumnado? Cal sería o teu rol nun proceso de apoio ao persoal docente da rede das ESR?
- Algunha outra cuestión que consideres importante no marco desta entrevista?



ANEXO 3. Guion entrevistas individuais coas asistenciais técnicas.

A. Entrevistas curtas (Feitoría Verde e Ás do Social).


(Pertinencia deste tipo de entrevista: indagar en cuestións concretas que por falta de tempo quedaron sen tratar no grupo focal).

- O ESR é unha proposta desde a educación para a cidadanía global. De que xeito o ESR achega ao centro educativo a realidade do Sur Global e como se traballa desde unha visión crítica e transformadora do Norte Global?
- Valoración – reflexións sobre o enfoque de ESR como proxecto que propón unha rede de escolas.


B. Entrevista en profundidade (Lila de Lilith).

(Pertinencia deste tipo de entrevista: ausencia na convocatoria do grupo focal).

- Que significa o ESR para Lila de Lilith? Cal é o voso rol e como foi evolucionando?
- Como valorades o Test de Tolerancia e o traballo a través de dilemas morais como metodoloxía no marco da convivencia no centro educativo?
- Que elementos destacades en positivo? Que elementos destacades en negativo? O Test de Tolerancia e a resolución dos dilemas morais sitúan en boa posición para favorecer o debate e a reflexión crítica do alumnado e a empatía? De que xeito?
- Con que limitacións vos atopades para traballar estas cuestións? O traballo dialóxico co alumnado contribúe á creación dun clima de confianza na aula? En que argumentos baseades a vosa resposta?
- Que limitacións atopades neste senso?
- O ESR é unha proposta desde a educación para a cidadanía global. De que xeito o ESR achega ao centro educativo a realidade do Sur Global e como se traballa desde unha visión crítica e transformadora do Norte Global?
- Mirando ao futuro... que potencial vedes ao traballo ao redor de dilemas morais no marco do proxecto ESR?
- Cres que hai potencial no marco do ESR para fortalecer o rol pro-activo do profesorado? E das familias?
- Como ves de probable un ESR que camiñe máis da man do traballo directo co profesorado? Imaxinas un ESR sen obradoiros con alumnado? Cal sería o teu rol?



- Consideras que existe unha rede de escolas sen racismo (máis aló de proxectos por centro)? Que potencial atopades neste senso e que limitacións?
- Algunha outra cuestión que consideres importante no marco desta entrevista?



ANEXO 4. Guion entrevista coa equipa técnica de ACP.

(Entrevista semiestructurada que incluíu posta en común de conclusións preliminares obtidas tras a análise da información previamente recollida vía encontros coas asistencias técnicas e o persoal orientador).

- Liña do tempo: fitos principais do ESR 22-23.
- Intervencións en aula (obradoiros): revisión da execución, contextualización e valoración dos cambios realizados.
- Innovación vía TdT: é este ano un punto de inflexión? Potencial e limitacións.
- Participación: valoración por centro educativo e indagación da posibilidade de traballar con “centros piloto”.
- Percepción dos centros en relación ao TdT.
- Reflexión ao redor da cuestión de xénero: como traballala a nivel de centros?
- Valoración da experiencia de traballar máis homoxeneamente por niveis nos centros educativos.
- Valoración da adaptación das cuestións máis densas/reflexivas do ESR entre o alumnado máis novo.
- Reflexión sobre a visión de “rede de escolas”.
- Valoración da identificación de necesidades formativas con profesorado (encontro orientadoras): Presenza do Sur.
- Futuro: reflexións sobre a coordinación técnica.

